

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CORUÑA, A

Persoal

Anuncio publicación modificación das bases específicas aprobadas para a cobertura de 16 prazas de oficial da policía local (subgrupo C1), pola quenda de promoción interna, C.E.12/25

ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 8 de maio de 2026, adoptou a seguinte resolución:

Primeiro.- Rectificar o erro material detectado no penúltimo parágrafo da base 8.2, en relación ao curso selectivo, das bases específicas para a cobertura, pola quenda de promoción interna, de 16 prazas de oficial do corpo da policía local (subgrupo C1), da escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase policía local, aprobadas mediante Resolución do Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data do 20/03/2026 (BOP núm. 57 do 26/03/2026), no seguinte senso:

Onde di:

“De conformidade co artigo 51 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superaron con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública.”

Debe dicir:

“De conformidade co artigo 56 do Decreto 15/2023, do 12 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superaron con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública.”

Segundo.- Publicar a devandita modificación no BOP e na páxina web do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal>). Esta modificación non supón unha alteración no prazo de presentación de instancias, xa que non prexudica os dereitos de ningún terceiro, nin supón a necesidade de achega de nova documentación, remitíndose ó disposto na normativa específica aplicable aos corpos da Policía Local.

Terceiro.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 14 de maio de 2026

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2026/3348